


Os labirintos dunha literatura biónica

Xerais publica ‘Zoommm’, un experimento que Estíbaliz Espinosa desenvolveu na súa bitácora en internet, na busca de novos modos de contar baseados na hipertextualidade

POR ISAAC LOURIDO

ESTÍBALIZ ESPINOSA pasa por ser unha das poetas galega máis comprometidas, na súa práctica literaria, coa apertura a modos inéditos de facer e de dicir, particularmente cos vinculados ao soporte telemático e á hibridación artística. O despregue hipertextual desenvolvido na súa bitácora virtual (estibalizes.wordpress.com) testemuña as feitura deste proxecto de aspiracións integrais.

Precisamente a través dun netlabel (www.aregueifa.net), o público galego tivo a oportunidade de coñecer xa en 2007 a proposta poética de *Zoommm*, constituída polos textos que agora publica Xerais mais catro cortes de audio que incluían música e recitado por conta da autora. Todos os materiais poden ser descargados libremente. A publicación serodía en papel confirma que a lexitimación fornecida por vía impresa continúa a ser moi superior á de calquera outro soporte. En definitiva, que un libro é sempre (ou aínda) un libro. Malia que iso signifique pasar da licenza Creative Commons que oferta A Regueifa á licenza privativa aplicada por Xerais, ou constrinxir o proxecto hipermedia inicial na súa dimensión meramente textual. Neste marco de intervención, a poética exhibida por Estíbaliz Espinosa asenta nas coordenadas discursivas da posmodernidade, orientada



ZOOMMM
ESTÍBALIZ ESPINOSA
Xerais, 2009
96 páxinas
12,95 euros

cara á posta en causa de todo o que se pode considerar dado ou convencional na escrita, na lectura e na mediación literarias. De acordo con este principio, en *Zoommm* rexe unha vontade lúdica representada textualmente na dialéctica constante afirmación-negación-sospeita, así como na fragmentación e na hibridación discursivas: “non sigas lendo. isto é unha trampa. / non vou dicirche que faría canto quixeras // e estamos incriminados nela, ti e mais eu / non vou dicirche que quizais non // e debes seguirme punto por punto ata o final / non vou dicirche que enterrei todas as palabras”. No libro cuestiónanse, asemade, toda unha serie de oposicións. Por exemplo, aquelas que enfrontan o natural e o artificial, o creado e o existente, o humano e o



‘Aquajelly’, unha obra da serie ‘Intrusos’ de Estíbaliz Espinosa

O LIBRO CUESTIONA ALGÚNAS OPOSICIÓNS TÓPICAS, COMO A DE NATURAL E ARTIFICIAL, HUMANO E MECÁNICO

mecánico, de tal forma que o obxectivo declarado é a construción dun artefacto biónico en que esas oposicións fiquen desarticuladas e en que, para alén, se experimente coas posibilidades que o novo paradigma comunicacional ofrece para a auto- e a re-construción identitaria (onde o virtual se impón ao real). Hai outra preocupación central nesta obra, disposta en torno á deconstrución de calquera pensamento que conciba o proceso de escritura e a experiencia vital como un todo. Claramente en sentido contrario, Estíbaliz Espinosa afánase en evidenciar o carácter construído, imitativo da vida (propriadamente biónico) deste seu proxecto literario.

Forzando ao lector á distancia e evadindo, tamén, calquera oportunidade posíbel para o sentimentalismo. *Zoommm* semella aspirar á constitución dunha escrita de vangarda, por moito que a espectacularización da voz e da linguaxe poética talvez hipertrofia, nalgún sentido, a concreción de pautas, nós, cruzamentos en que a escrita e a lectura se vexan acusadas, denunciadas, na súa convencionalidade. Esa acusación non se constitúe, polo menos, con toda a forza e a intensidade do que debe estar na base da calquera proposta contra-hexemónica: a demarcación dunha ruta discursiva en que o disfraz e o xogo non o sexan (case) todo. ●